

## O país da choiva - Esquecer

Que pasaría se un día perdeses a memoria? Ti que cres? Pénsao un chisco, a ver.

Gustaríache? Todas as persoas temos memoria, mellor ou peor, pero témola.



Eu, teño que confesalo, teño moi mala memoria eé algo que lamento ben. Pero non podo imaxinar que a perdeses, que esquecese o meu nome, o da miña nai, que esquecese a miña vida, que esquecese as lembranzas, a fala.

E se esquecese a miña lingua? E se esquecese como se nomean as cousas?

Non podo nin imaxinalo.

E se esquecese todo o que lin ao longo da miña vida? E se esquecese todas e cada unha das palabras que entraron en min? Dáme arrepío de pensalo.

Eu son o que son grazas ás palabras. Este conto é o que é grazas ás palabras.

Miguel Anxo Alonso

O país da choiva - Esquecer

(Fragmento). Antela Editorial, 2021



“Lectura en 60 segundos Choiva”, do proxecto cREAgal, publícase coa  
Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0

